



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Literatura Latina	Código	613G01045	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Ferraces Rodriguez, Arsenio	Correo electrónico	a.ferraces@udc.es	
Profesorado	Ferraces Rodriguez, Arsenio	Correo electrónico	a.ferraces@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia propone una aproximación a la literatura latina de la Antigüedad (ss. III a.C.-Vd.C.) y a su influencia en la posteridad, con estudio del ciclo temporal en que se desarrolla, los aspectos ideológicos, y los códigos formales de cada género. Dada la amplitud del objeto de estudio y el período de un cuatrimestre en que se concentra la docencia, los contenidos y las actividades previstas estarán orientados a ofrecer visiones panorámicas de algunos géneros. Dentro de los géneros concernidos se estudiarán con mayor detalle algunas figuras significativas dentro del mismo.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual	A1 A2		
Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina	A13		
Coñecer a crítica textual e a edición de textos, aplicados ao campo da literatura latina	A16		
Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía no campo da filoloxía clásica	A23		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información no campo da filoloxía clásica	A11	B1	
Adquirir capacidade de autoinformación no campo da filoloxía clásica		B3	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas, especialmente a historia das literaturas inglesa, española e galega		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar críticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico		B7	
Apreciar a diversidade cultural mediante a confrontación do legado da Antigüidade cos trazos da modernidade e contemporaneidade		B8	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Cuestións xerais sobre a literatura latina	1.1. O sistema literario na Antigüidade: Literatura/Textos/letras 1.2. Cuestións de denominación e delimitación: 'literatura romana'/literatura latina' 1.3. Literatura pagana/literatura cristiana 1.4. Sistematización do estudo da literatura latina 1.5. O falso problema da 'orixinalidade' da literatura latina (imitación e emulación)



2.- O teatro en Roma.	<p>2.1. O ciclo temporal: orixe, desenvolvemento e decadencia</p> <p>2.2. Xéneros e subxéneros do teatro literario</p> <p>2.3. O contexto social: escritores, actores, público, patronos. Estudo particular dos prólogos da comedia latina</p> <p>2.4. Plauto e Terencio</p>
3.- A épica	<p>3.1. Precedentes e evolución do xénero</p> <p>3.2. Estudo particular da Eneida, de Virxilio</p> <p>3.3. Estudo particular do Bellum civile, de Lucano</p> <p>3.4. O epilio</p>
4.- A historiografía en Roma.	<p>4.1. Xéneros e subxéneros da historiografía</p> <p>4.2. César: De bello Gallico e De bello civili</p> <p>4.3. Salustio</p> <p>4.4. A biografía: autores e obras. Estudo particular de Suetonio e da Vida de Agrícola, de Tácito</p>
5. Lírica, elexía e poesía didáctica	<p>5.1. Características e principais representantes de cada un dos xéneros</p> <p>5.2. Catulo e Horacio</p> <p>5.3. Ovidio</p> <p>5.4. Propercio e Tibulo</p>
6. A poesía bucólica e o epigrama	<p>6.1. A bucólica: os precedentes gregos</p> <p>6.2. As Bucólicas de Virxilio</p> <p>6.3. Cultivadores tardíos do xénero bucólico</p> <p>6.4 O epigrama: Marcial</p>

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A2 A16 B1 B7	16	12	28
Proba obxectiva	A1 A13	2.5	6	8.5
Traballos tutelados	A11 A13 B3 B5 B6	0	23	23
Lecturas	A2 B8	0	35	35
Sesión maxistral	A1 A13 A16 A23	16	0	16
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Os diversos exercicios de análise e comentario de textos faranse en sesións presenciais de carácter práctico. Utilizaráanse con preferencia textos acompañados de tradución, excepto naqueles casos en que unha explicación pormenorizada requira referirse á obra na súa lingua orixinal. Neses casos a explicación, sempre dunha pasaxe de extensión limitada, farase sobre o texto orixinal. Valorarase a asistencia e a participación activa de cada estudante no desenvolvemento das actividades na aula.
Proba obxectiva	Proba escrita individual, que se efectuará a final de curso a propósito dos diversos contidos desenvolvidos tanto nas sesións maxistras como nas sesións de carácter práctico. Valorarase sobre todo a capacidade crítica, a capacidade de extraer información a partir dos textos dos autores, a de relacionar uns autores con outros e a claridade dos conceptos.
Traballos tutelados	O estudante elaborará polo menos un traballo individual coa orientación e a asistencia do profesor. Este traballo será exposto e discutido públicamente na aula durante a penúltima semana de clase. Terase en conta o rigor da análise e a capacidade de síntese, a orixinalidade do enfoque, así como a corrección da expresión escrita e a eficacia da exposición oral. A presentación deste traballo ten carácter obrigatorio para poder superar a materia.



Lecturas	O estudante fará as lecturas obrigatorias que se lle propoñan e dará conta dos resultados a través de comentarios orais nas sesións prácticas, no propio traballo tutelado ou na resolución da proba obxectiva.
Sesión maxistral	Sesións expositivas de carácter oral por parte do profesor sobre os diferentes contidos do temario. O profesor completará estas exposicións con guións, resumos e indicacións bibliográficas entregados na clase e/ou enviados a través da plataforma Moodle

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O estudante asistirá a titorías individuais concertadas a fin de que o profesor supervise a planificación e desenvolvemento do traballo tutelado

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A2 A16 B1 B7	Os diversos exercicios de análise e comentario de textos faranse en sesións presenciais de carácter práctico e con dinámica de grupo. Valorarase tanto a asistencia a estas sesións como a participación activa de cada estudante no desenvolvemento das mesmas. Poderá pedirse a ulterior presentación por escrito dalgúns destes exercicios en forma de breve comentario dun texto, resolución dun test etc.	20
Proba obxectiva	A1 A13	Proba escrita individual, que se efectuará a final de curso a propósito dos diversos contidos desenvolvidos tanto nas sesións expositivas como nas sesións de carácter práctico. Valorarase sobre todo a capacidade crítica, a capacidade de extraer información a partir dos textos dos autores, a de relacionar uns autores con outros e a claridade dos conceptos. A expresión ha de ser correcta e a redacción clara. Os textos propostos para a proba, na lingua orixinal ou en tradución, según a cuestión a tratar, serán de similar dificultade aos que teñan sido comentados e estudados na aula. A proba terá unha duración de dúas horas. Ningún alumno poderá abandonar a aula ata que a totalidade dos seus compañeiros rematen a proba e entreguen o exame. Requirirase unha cualificación mínima de 4 sobre 10 para dar por superada esta proba	40
Traballos tutelados	A11 A13 B3 B5 B6	Valorarase sobre todo o rigor da análise e a capacidade de síntese, mais tamén a orixinalidade dos enfoques, así como a corrección da expresión escrita e a eficacia da presentación oral. A presentación deste traballo terá carácter obrigatorio para superar a materia	40

Observacións avaliación

En caso de que as actividades presentadas por escrito non cumpran unhas esixencias mínimas de corrección lingüística, serán devoltas sen cualificar ao estudante para que as revise e as entregue de novo.

Os estudantes que non aprobasen a materia na oportunidade de xuño poderán repetir en xullo as probas e/ou os traballos non superados ou aqueles que non presentasen.

O estudante será cualificado con Non Presentado só no caso de que non realice a proba obxectiva prevista.

O estudante que se matricule na modalidade de tempo parcial será dispensado da asistencia ás sesións prácticas de análise de fontes documentais. O 20% que se contempla por este concepto no cálculo da cualificación global será compensado na proba obxectiva, que pasará a contar un 50% e na avaliación de traballo e actividades, que pasará a contar un 50%.



Fontes de información

Bibliografía básica

- Michael Von Albrecht (1992/7). Historia de la literatura romana. Barcelona: Herder
 - Leighton D. Reynolds e Nigel G. Wilson (1986). Copistas y filólogos. Madrid: Gredos
 - Carmen Codoñer Merino (1997). Historia de la literatura latina. Madrid: Cátedra
 - George Hacquard (2008). Guía de la Roma antigua. Madrid: Atenea
 - E.J.Kenney-W.V.Clausen (1989/90). Historia de la literatura clásica. Madrid: Gredos
 - Carmen Codoñer Merino (ed.) (1987). Géneros literarios latinos. Salamanca: Universidad de Salamanca
- Recursos web Xerais Bibliotheca Augustana: [bibliotheca latina / bibliotheca graeca](http://www.hs-augsburg.de/~harsch/augustana.html)
<http://www.hs-augsburg.de/~harsch/augustana.html> The Latin Library <http://www.thelatinlibrary.com/index.html> The Classics Page <http://www.thelatinlibrary.com/classics.html> Internet Ancient History Sourcebook: Rome <http://www.fordham.edu/halsall/ancient/asbook09.html> Analecta Malacitana <http://www.anmal.uma.es/anmal/recursos0.htm> Recursos para la literatura clásica (USAL) http://clasicas.usal.es/porta_recursos/index.php?option=com_content&view=category&id=12&Itemid=16 Interclassica (Univ. de Murcia) <http://interclassica.um.es/>

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías